

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR OS IMPRESOS DE SOLICITUDE DE REXISTRO "REGA"

Van adxuntos os dous tipos de impresos de solicitude. Un para os pombais (registro de explotacións avícolas -explotacións de columbofilia-), aínda que os pombais teñan máis dunha construción, e outro para registrar os lugares de enceste (centros de concentración).. Os formularios envíanse nun formato no que se pode reescribir no ordenador para imprimilos e gardalos.

Ambos teñen que ir dirixidos ao Servizo de Gandaría do **DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA** (arriba á dereita), que é o lugar onde vanse entregar tódalas peticións.

GALICIA DO MEDIO RURAL	DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE A CORUÑA (Xestionado para todos derde aqui) SERVIZO DE GANDARÍA
ONS AVÍCOLAS UMBOFILIA TRACIÓ-	DOCUMENTO: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Logo hai que encher os apartados dos **datos persoais do titular** do pombal e dos **outros titulares** en caso de tandem.

REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS (EXPLOTACIÓNS DE COLUMBOFILIA)		SOLICITUDE DE INSCRICIÓN	
DATOS DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN			
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL: CARLOS PADIN SERANTES		N.I.F.+ 35400000-A	
ENDEREZO: LUGAR TRABANCA SARDINEIRA PARROQUIA CARRIL		CONCELLO: VILAGARCÍA DE AROUSA	
PROVINCIA: PONTEVEDRA	CÓDIGO POSTAL: 36618	TELÉFONOS: 600000000	e-mail: carlospserrantes@mail.com
EN CASO DE FORMAR UN TANDEM: DATOS DOUTROS TITULARES RELACIONADOS COA EXPLOTACIÓN			
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL: CARLOS PADIN CORES		N.I.F.+ 35400000-S	
ENDEREZO: LUGAR TRABANCA SARDINEIRA PARROQUIA CARRIL		CONCELLO: VILAGARCÍA DE AROUSA	
PROVINCIA: PONTEVEDRA	CÓDIGO POSTAL: 36618	TELÉFONOS: 690000000	e-mail: carlospcors@mail.com

Hai que face-lo mesmo no caso da solicitude para registrar os clubs. Os datos do titular neste caso son os do domicilio social do club, e os do representante / responsable da explotación os do presidente.

Logo, no recadro onde nos piden os **datos da explotación dos pombais**, o apartado **"CODIGO REGA"** queda en branco salvo que o titular tivera dado de alta previamente outra explotación gandeira. Neste caso o seu código sería o mesmo ca do pombal, e habería que poñelo. No recadro "nome da explotación" non hai que poñer nada se non queremos.

DATOS DA EXPLOTACIÓN		
CÓDIGO REGA (1): ES: <small>CUBRENO NO SERVIZO DE GANDARIA</small> 01	NOME DA EXPLOTACIÓN: ????	
TIPOLOXÍA DA EXPLOTACIÓN:	EXPLOTACIÓNS ESPECIAIS: EXPLOTACIÓN DE OCIO ADICADA Á COLUMBOFILIA	
	TIPO (2): POMBAS MENSAXEIRAS DE COMPETICION	
ENDEREZO: LUGAR: TRABANCA SARDINEIRA	PARROQUIA: CARRIL	
CÓDIGO POSTAL 36618	CONCELLO VILAGARCIA DE AROUSA	PROVINCIA PONTEVEDRA
COORDENADAS UTM (WGS 84) DO POMBAL PRINCIPAL (e se é o caso, dos secundarios): X: TOMARANSE NA WEB DO SIGPAC Y:		
DATOS CENSAIS: ESPECIE/RAZA		Nº DE AVES: 100
PERTENZA A FEDERACIÓN/ CLUB:	FEDERACIÓN (3) COLUMBOFILIA GALEGA	CLUB COLUMBÓFILO Nome / Razón social: POMBAS DO SALNES CIF: 36000000-G Enderezo: R/A Gombra, S/N - Casa da Cultura de Tremeoedo Teléfono: 690000000

No caso dos impresos para dar de alta aos clubs como centros de concentración, cando nos piden os datos da explotación, **hai que poñer o enderezo e coordenadas dos locais de enceste:**

DATOS DA EXPLOTACIÓN

CÓDIGO REGA(1): ES. <u>CÚBRENO ELES</u> 01		NOME DA EXPLOTACIÓN: <u>????</u>	
TIPOLOXÍA DA EXPLOTACIÓN:	EXPLOTACIÓN ESPECIAIS: CENTRO DE CONCENTRACIÓN (COLUMBOFILIA)		
	TIPO (2): <u>POMBAS MENSAXEIRAS DE COMPETICIÓN</u>		
ENDEREZO: LUGAR: <u>RÚA A GOMBRA, SANTO ESTEVO - S/N</u> PARROQUIA: <u>TREMOEDO</u>			
CÓDIGO POSTAL <u>36628</u>	CONCELLO <u>VILANOVA DE AROUSA</u>	PROVINCIA <u>PONTEVEDRA</u>	
COORDENADAS UTM (WGS 84): X: <u>TOMARÁNSE DA WEB DO SIGPAC</u> Y:			
PERTENZA A FEDERACIÓN:	FEDERACIÓN (3)		OBSERVACIÓNS
	<u>FEDERACIÓN COLUMBÓFILA GALEGA</u>		

Nos apartados para poñer as **coordenadas**, poderíanse pór as que temos gardadas na federación, pero como temos que axuntar un plano de situación (que nos orientaron obter no **sigpac**, -ver máis abaixo-), recomendamos pór as coordenadas que se conseguen por este medio para evitar contradicións.

Unha vez cumprimentado cada impreso de solicitude, graparlle os seguintes documentos:

Fotocopia do N.I.F. / C.I.F. do solicitante.

Se é o caso, os datos doutros titulares (cotitulares) da explotación (nome e apelidos, NIF e relación)

Non axuntar datos de veterinario da explotación, xa que non é obrigatorio.


Croquis de situación do/s pombal/is.

Distancias a outras explotacións aviares... Para isto hai que cumprimentar unha declaración xurada (vai o impreso adxunto) na que se afirma non ter coñecemento de ter **explotacións industriais** a menos de 500 metros do pombal nin explotacións artesanais a menos de 250. Estas últimas refírense a galiñeiros "oficializados e rexistrados" cun número entre 50 e 100 galiñas como tope. Segundo nos dixeron, hai moi pouquiños en toda Galicia. Se algún caso houbera no que non se cumprisen estes requisitos, teríase que ver de xeito individualizado cos servizos veterinarios oficiais.


→ Para o pago das taxas é preciso obter previamente un impreso oficial para levar ao banco. Como pode resultar complexo conseguilo, a Federación fará o ingreso colectivo correspondente a tódalas solicitudes que se entreguen. Cando os clubs envíen a documentación, deberán acompañar copia do ingreso a nome da Federación dos cartos que correspondan ao pagos das taxas do seu club. Son 9,65 € por cada solicitude, tanto para os columbófilos como para a solicitude do club. Esta é unha taxa única que hai que pagar unha sola vez.

Para sacar o croquis de situación do pombal, ir ao <http://sigpac.mapa.es/fega/visor/>


Unha vez aberto o programa, primeiro hai que localizar o pombal. Para axiliza-la busca, se prememos no icono “prismáticos” (buscar) na barra de ferramentas, e abrimos a pestaña “coordenadas” do cadro que se abre, poderemos poñer directamente as coordenadas que temos dos pombais (X,Y e huso UTM 29, deixando os outros tal como están), e tras premer en “buscar”, xa o programa o localiza directamente.



Unha vez localizado o pombal...



Unha vez localizado o pombal, ao premer o botón “ver coordenadas” na barra de ferramentas de arriba á esquerda, activase un punteiro que, cando se coloca sobre o pombal e se clica, fai aparecer un texto ca información da súas coordenadas:



Esta é a imaxe hai que gardar e imprimir para axunta-la á solicitude. Si o ordenador pode acceder á versión do sigpac na que hai unha segunda barra de ferramentas arriba e a dereita, ao premer no icono “**impresora**” sae un despregable no que clicaremos na “**vista previa**” (para cerciorarnos que a impresión está en formato horizontal) e imprimiremos. Se pola configuración do noso ordenador non somos capaces de acceder a esta opción, o máis sinxelo é facer unha captura de pantalla (premendo no botón **PrtSc Sys Req**), e copiar o gravado nun documento “word” para imprimilo a continuación)

Unha vez dados de alta e en disposición do número REGA dos respectivos pombais, cada columbófilo deberá ter a súa disposición un “**Libro de Explotación**”, que deberá ter ao día.

Para isto a FCG vai editar unha **CARTILLA SANITARIA PARA COLUMBOFILIA**, que a administración validou para a nosa actividade. A cartilla ten un deseño sinxelo e fácil de cumprimentar e está pensada para ter unha vida útil de dez anos (ten cabida para rexistrar ata 2 vacinacións anuais por colonia). Como reza no seu limiar, a súa cumprimentación e custodia é responsabilidade do titular e o seu estrago ou perda debe de ser comunicada á Federación. **Unha vez en poder dos clubs, teñen que dilixenciarse nos Servizos Veterinarios Oficiais máis próximos ao columbófilo.** Axúntanse os enderezos das súas oficinas.

Na páxina nº 3 do libro débense de rexistrar os datos do pombal e o do titular.

Logo edítanse unha serie de consideracións técnico-zoosanitarias, de manexo e limpeza, e un programa de hixiene, profilaxe e vacinacións. Todo dentro dos nosos máis rutineiros coidados, nada novo. De entre estas cabe destacar a necesidade de arranxar algunha gaiola de illamento para observación de pombas enfermas ou para as que cheguen ben tarde dos concursos (isto é unha esixencia das autoridades sanitarias e os compañeiros que non a posúan convén que a constrúan).

Na páx. 7 tense que anotar o número de altas e baixas do noso bando a 31 de decembro respecto ao anos que van rematando. Simples números. Aínda que a Federación entregará anualmente copia dos censos á delegación de gandería, sería bo gardar unha copia xunto co libro.

Logo veñen dúas páxinas para anotar as inspeccións e posibles controis oficiais (se os houbese) e a continuación outras nas que haberá que rexistrar as vacinas que se administren.

Despois ven un espazo para rexistrar as medidas que preconiza o programa de actividades preventivas (desinfeccións, desinsectacións e desratizacións), para cumprimentar cunha frecuencia canto menos de mínimos (semestral ou anual segundo o caso)

Máis tarde veñen unhas páxinas para rexistrar as posibles incidencias sanitarias (tamén se as houbese), subliñando os detalles que constan na cabeceira do tal rexistro.

E por último, un apartado para anotar os tratamentos que o veterinario teña prescrito á colonia, facendo constar qué produto, de qué laboratorio, por qué motivo ou diagnóstico se administrou, e o número de receita oficial.

Mandar orixinal e copia da documentación para quedarnos co comprobante de entrada no rexistro. Deixar unha terceira copia en poder do club ou do columbófilo. Esta documentación ten que estar na federación, xunto co xustificante do pago das taxas e máis dos libros (3 € cada libro), inescusablemente á data de 30 de novembro. Enviar por correo ao enderezo:

FEDERACIÓN COLUMBÓFILA GALEGA

Plaza de León, 1-1ºD.

15702 SANTIAGO (A CORUÑA)

Recordamos que é obrigatorio que tódolos clubs e tódolos pombais da FCG estean rexistrados como centro de concentración e explotacións de columbofilia respectivamente para poder tramitár-lle-los censos e participar nos concursos.

FCG

